

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Ordenanzas e Regulamentos

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE PRESTACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

E D I C T O

O Pleno da Corporación Municipal, aprobou inicialmente, en sesión de 27 de outubro de 2016, a “Ordenanza municipal reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social”. Exposto ao público e dado que non se presentou alegación ou reclamación algunha, elévase a definitivo o acordo ata entón provisional e de conformidade co art. 49 da Lei de Bases do Réxime Local procédese á publicación definitiva do texto íntegro da citada ordenanza, que se transcribe literalmente.

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE CONCESION DE PRESTACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL CONCELLO DE TUI

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os poderes públicos deberán asegurar a protección social , económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares. A Constitución Española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás CC.AA, e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais.

Para tal fin, a lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais configúrase como un sistema integrado de protección social, orientado á prestación de atencións e servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e a participación das persoas que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como á prevención e eliminación das causas que están na orixe daquelas situacións. O artigo 60, atribúelle aos concellos, entre outras competencias, a creación, xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, no artigo 18.c. establece as prestacións económicas orientada a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social



e laboral. Asemade no artigo 18.3. establece que o recoñecemento efectivo do dereito a unha intervención, un programa, un servizo ou unha prestación de carácter esencial corresponderalle á administración titular e prestadora deles, tal como vén recollido no capítulo VII artigo 60.g. a participación, como entidade colaboradora, na xestión de prestacións económicas.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece que se respetará, apoiará e protexerá á familia como medio de transmisión da vida, de solidariedade, de educación e de valores humanos fundamentais e como ámbito privilexiado para o desenvolvemento persoal e equilibrio emocional e afectivo. No artigo 8.2 atribúelle competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención da familia, así como a prestación de servizos sociais comunitarios básicos e específicos.

Neste marco xurídico e no exercicio do dereito das persoas a recibir apoios personalizados, que implican a detección e análise de necesidades e demandas, diagnoses e valoración técnica de situacións, necesidades e problemas das persoas e xestión e seguimento das prestacións económicas de emerxencia social, corresponde exercitalos aos cidadáns ao nivel dos servizos sociais comunitarios municipais deste concello .

Co programa de Inserción Social procúrase darlles resposta a problemáticas concretas de marxinación e exclusión social, aplicando tanto proxectos de traballo social personalizado ou de grupo coma prestacións económicas específicas.

O concello de Tui, de conformidade co disposto na lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia, establece estas bases para regular as axudas Municipais de Emerxencia Social, co obxecto de potenciar a transparencia, eficiencia e eficacia de este gasto público, entendido como recurso facilitador da integración social dos cidadáns e das cidadás que sofren máis carencias.

O procedemento a seguir non é xeral de concorrencia competitiva que fixa a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pois resulta implícita nas prestacións a conceder e nas condicións sociais das persoas beneficiarias, as razóns de interese público social , humanitarias e outras que dificultan unha convocatoria pública de conformidade co establecido no artigo 22.2 c) da cita Lei.



CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.—Réxime Xurídico

As axudas as que se refire esta ordenanza rexeranse polos preceptos básicos establecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, tendo en conta a disposición transitoria segunda da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, así como a disposición adicional cuarta da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en de dita Lei.

A concesión de axudas e prestacións coa denominación emerxencia social , rexerase directamente polo disposto nesta ordenanza municipal

Artigo 2º.—Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas de emerxencia social municipais, entendidas como prestacións non periódicas de natureza económica destinadas a aquelas persoas integradas nunha unidade de convivencia cuxos recursos económicos resulten insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario, co fin de previr, evitar ou paliar situacións de marxinación social.

Tamén se pode considerar emerxencia calquera situación de catástrofe sobrevida por accidente, incendio, inundación, afundimento ou calquera outra que sexa imprevisible e ante á que a persoa non dispoña de recursos para a súa solución.

A finalidade destas axudas é dar unha resposta rápida e inmediata ás necesidades das persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de carencia urxente para que poidan evolucionar cara á súa autonomía e integración social, dado que estas axudas son un apoio temporal.

Dado que o réxime normativo e as atencións á que respondan as axudas económicas que son obxecto desta ordenanza serán sempre temporais para paliar as necesidades extraordinarias e urxentes das persoas afectadas por unha situación de emerxencia, terán que estar necesariamente enmarcadas nun proceso de intervención social se así o determina o persoal técnico de servizos sociais, no que se inclúa unha análise completa da situación familiar.

Terán en todo caso carácter finalista, debendo ser utilizadas para o fin para o que se concederon, son intransferibles, sendo necesario para a súa concesión a existencia de crédito nos orzamentos municipais de Tui.



Artigo 3º.—Criterios xerais para a concesión

Para a concesión de axudas económicas teranse que cumprir os seguintes criterios xerais:

- a) Situacións acreditadas de necesidade, segundo os criterios de valoración recollidos no capítulo IV
- b) Que a necesidade obxecto da axuda sexa valorada pola traballadora social do concello e integrada nun proceso de intervención social.
- c) O pago da axuda efectuarase como regra xeral á entidade ou profesional prestador do servizo. Pode acordarse polo órgano concedente o seu abono en concepto de pagos a xustificar, para o cal será habilitado persoal dos servizos sociais do Concello.

Artigo 4º.—Incompatibilidades das axudas

Será incompatible a concesión da axuda económica co disfrute gratuíto de servizos que cubran as mesmas necesidades.

Así mesmo non poderán outorgarse axudas polo mesmo concepto que teñan sido concedidas por outras Administracións ou organismos públicos. Exceptuarase este último requisito, de maneira xustificada, se a axuda concedida non solventase a necesidade, podendo neste caso complementarse dende esta Administración sen que en ningún caso poda superar o custe total do obxecto da axuda.

Artigo 5º.—Clasificación das prestacións

As axudas de emerxencia social recoñécense para ser aplicadas aos gastos orixinados pola seguintes situacións de necesidade, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección:

- a) Vinculadas o uso e mantemento da vivenda: Débedas adquiridas por pagamentos de alugamento, hipoteca, fianza, cotas comunitarias ordinarias e aquelas que por valoración técnica se estimen necesarias no referente ao mantemento e conservación da vivenda. Débedas adquiridas por pagos de gastos ocasionados por motivo do uso básico da vivenda habitual: auga, luz e gas.
- b) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual
- c) Falta de cobertura económica para a adquisición de equipamento básico para o fogar: entendéndose como tal, o mobiliario e electrodomésticos básicos e de primeira necesidade.



d) Necesidades básicas: con carácter xeral aloxamento, alimentos (alimentos perecedoiros como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social así como de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo (celíacos, diabéticos, etc...), vestuario, calzado e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria (produtos de hixiene e limpeza) e débedas ocasionadas por este mesmo concepto.

e) Axudas destinadas á atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais. A axuda será equivalente a achega por parte da persoa beneficiaria.

f) falta de cobertura económica para o pago dun aloxamento alternativo (hostal, pensión...) cando sexa imposible a permanencia da persoa no seu domicilio habitual por situación de catástrofe, e/ou situación persoal, familiar, sanitaria ou social.

g) Outros gastos excepcionais, valorados pola traballadora social do concello, como indispensables para prever a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias non recollidos nos anteriores apartados ou por outro tipo de prestación ou axuda, e logo de valoración técnica, tales como limpeza extraordinaria en domicilio cando exista un risco sanitario, enterramentos, etc...

Artigo 6º.—Criterios de valoración

Os criterios a valorar para a concesión destas axudas son os recollidos no capítulo IV desta ordenanza.

CAPITULO II.— PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

Artigo 7º.—Persoas Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco social e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre como un apoio á intervención social.

Para os efectos desta ordenanza municipal, enténdese por unidade familiar de convivencia ás persoas que vivan soas ou ó conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas co solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco ata o 4º grao, por consanguinidade, ou ata o 2º grao, por afinidade.



Cando, por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, unha familia se vexa obrigada a residir con outra, non perderá a condición de unidade de convivencia independente.

Nunha unidade familiar un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, aínda que se outorguen en beneficio da unidade familiar.

Artigo 8º .— Requisitos dos/as persoas beneficiarias

As persoas solicitantes das axudas deben cumprir cos seguintes requisitos :

1.—Ser maior de idade ou menor emancipado/a, o no seu defecto, ter iniciado o trámite legal de emancipación.

2.—Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva no concello de Tui de forma ininterrompida como mínimo con 6 meses de antigüidade no momento da solicitude. Excepcionalmente poderán ser beneficiarios/as aquelas persoas que, previo informe dos/as técnicos/cas municipais de servizo sociais, e non reunindo os requisitos anteriormente mencionados, se atopen nunha situación de necesidade.

3.—Acreditar a situación de necesidade de acordo co baremo do artigo 11

4.—Presentar declaración xurada na que se faga constar que non se ten recibido doutros organismos, e para a mesma finalidade, da axuda solicitada, ou se é o caso, que a axuda recibida doutros organismos non solvente a necesidade. Que non incumpriu as obrigas por reintegro de subvencións.

5.—Non dispor de bens mobles ou inmobles, distintos aos da vivenda habitual, sobre os que posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que se solicita a axuda.

6.—Aportar a documentación requirida en cada caso.

7.—Non ter solicitada ningún membro da unidade familiar de convivencia unha axuda económica de emerxencia social municipal para a mesma finalidade nos últimos doce meses, salvo en casos excepcionais nos que a necesidade sobrevida requira atención urxente e inmediata.

8.—Todos os membros da unidade de convivencia en situación de desemprego, deberán estar inscritas como demandantes de emprego nas oficinas do INEM. As/os menores comprendidos entre 16 e 18 anos, ou maiores de idade que estean cursando estudos oficiais quedarán eximidos deste requisito, previa xustificación material desta situación.



9.—Que non existan familiares legalmente obrigados e con posibilidade real de prestar axuda.

NON poderán acceder a estas axudas municipais:

a) Cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras administracións teñan establecido para atender este tipo de necesidade (Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), Axudas de Inclusión Social (AIS)).

b) Cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante da axuda.

Capítulo III.—XESTION E PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS

Artigo 9º.—Documentación

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación (en orixinal e copia) de todos os membros da familia.

- Impreso Oficial da solicitude debidamente cuberto (ANEXO I)
- D.N. I. ou NIE de todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos.
- Libro de Familia, se é o caso
- No caso de separación ou divorcio, sentenza e convenio regulador, así como xustificantes das aportacións do ex- cónxuxe ou no seu defecto, denuncia ou demanda executiva por incumprimento da sentenza.
- Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, segundo o modelo adxunto (ANEXO II).
- Declaración de axudas recibidas polos mesmos motivos, segundo o modelo adxunto (ANEXO III).
- Declaración responsable (ANEXO VI).
- Certificado de empadramento do/a solicitante, no que se acredite unha antigüidade mínima de seis meses anteriores á formulación da solicitude (excepto casos especiais sinalados).
- Certificado de convivencia a nome do/a solicitante.
- Certificado do concello de Tui de bens urbanos, rústicos, IAE, titularidade de vehículos, así como declaración xurada de posesións de bens urbanos, rústicos, IAE e titularidade de vehículos a nome de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.



- No caso de persoas con discapacidade ou enfermidade, deberán presentar o certificado do grao de discapacidade ou informes do Sistema Público de Saúde onde se acredite a enfermidade invalidante.
- No caso de manifestar maltrato ou violencia doméstica, deberá presentar a denuncia ou un documento acreditativo.
- Xustificantes de gastos de vivenda: fotocopia do contrato de alugamento en vigor, xustificante da cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso, xustificante acreditativo dos gastos de mantemento da vivenda pendentes de pagamento e orzamento de material e calquera outro equipamento obxecto de subvención que se constase necesario. No caso de débeda contraída co propietario ou propietaria da vivenda, declaración deste/a que así o acredite; e no caso de vivenda compartida ou pensións, declaración do propietario ou propietaria do custo por cuarto ou contrato de habitación.
- No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá achegar a receita médica do SERGAS e a documentación acreditativa da farmacia do custo do produto.
- Xustificantes de ingresos da unidade familiar de convivencia:
 - Fotocopia da última declaración do IRPF de todos os membros maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia; no caso de non ter que presentala, certificación negativa do IRPF.
 - No caso de persoas en situación de desemprego, copia da súa tarxeta de demandante de emprego e certificado de prestacións de desemprego e, no seu defecto, certificado negativo emitido polo servizo público de emprego.
 - Certificado de vida laboral da Seguridade Social
 - Copia da dúas últimas nómina das persoas que se atopen desempeñando actividade laboral remunerada regular e copia do contrato de traballo.
 - No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, deberán aportar certificado o xustificante o respecto do Organismo dende onde se conceda, no seu defecto Certificación negativa (INEM), cando non sexa posible presentar a documentación requirida, achegarse no seu lugar declaración responsable a tales efectos, das persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.
 - Certificados bancarios dos saldos das contas correntes, depósitos, etc.
 - Movementos bancarios dos últimos 12 meses
- Copia ou certificación bancaria onde o solicitante conste como titular dun número de conta.
- Documentos orixinais acreditativos da situación de necesidade determinante da solicitude,
- así como xustificante do seu custo.



- Orzamento que vai ser obxecto da concesión da axuda.
- Outros documentos específicos segundo as circunstancias de necesidade.
- Calquera outro documento que poidan solicitar dende o departamento de servizos sociais.

O/a solicitante autorizará ao Concello para solicitar e obter información doutras Administracións que sexa necesaria para a tramitación da solicitude, así como para obter información sobre a súa situación patrimonial. Así mesmo, asinará unha declaración responsable na que se faga constar que non ten recibido doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada, ou se é o caso, que axuda recibida doutros organismos non solvente a necesidade (ANEXO III).

Artigo 10º.—PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

a) As solicitudes xunto coa documentación esixida presentárase no Rexistro municipal, segundo o modelo que se adxunta (ANEXO I), asinando autorización e consentimento para recadar os documentos que obren no seus servizos, así como a información adicional que se considera necesaria para completar o expediente dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, ou a través de calquera dos medios previstos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten se dirixirán ao Concelleiro Delegado para o seu traslado ao departamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais, dende onde se remitirán ao departamento de intervención, coa finalidade de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente en atención a natureza do gasto pretendido e, no suposto de tratarse de pequenas reparacións nunha vivenda que estean suxeitas a licenza de obra, se lles dará traslado igualmente ao servizo de urbanismo municipal ao fin de que emitan informe sobre a oportunidade da obra pretendida e os trámites que son necesarios para a concesión da licenza.

Así mesmo se poderá iniciar tamén de oficio mediante informe emitido polos técnicos municipais de servizos sociais, que iniciará o expediente a todos os efectos.

b) O/a traballador/a dos Servizos Sociais comunitarios encargárase da instrución do procedemento, comprobará as circunstancias socioeconómicas da persoa interesada e da unidade familiar de convivencia para a realización do pertinente Informe Social, así como un estudio e valoración da petición. Requirirase, de ser o caso, a persoa interesada para que corrixa os posible erros ou para a achega da documentación necesaria, apercibíndoo de que no caso contrario se lle terá por desistido da súa petición, e archivarase o expediente. O solicitante disporá de 10 días hábiles para emendar dita solicitude.



c) O/a traballador/a social elaborará o informe –proposta, perceptivo e vinculante, no que se porá de manifesto a problemática, a demanda, e se o/a solicitante cumpre, ou non, os requisitos sinalados para recibir a axuda solicitada avaliando a situación de necesidade da concesión da axuda e contía, elevándose ao órgano competente para que se emita a resolución correspondente.

d) Emisión de Resolución do procedemento, onde quedarán reflectidos a lo menos os seguintes extremos:

- Identificación do/a beneficiario/a ou da unidade familiar beneficiaria.
- Concepto para o que se concede a axuda
- Contía desta
- Duración máxima da axuda e forma de pago, se é o caso.
- Causa motivada da concesión ou denegación se é o caso.
- Prazo establecido para presentar documentación xustificativa do gasto.

A resolución do procedemento corresponderá ao órgano municipal competente en cada momento (Alcalde ou órgano en quen delegue).

A resolución, que porá fin á vía administrativa, notificarase á persoa interesada nun prazo máximo de 10 días.

A resolución deberá producirse nun prazo máximo de 2 meses desde a solicitude, transcorrido o devandito prazo sen que se producise resolución expresa, a persoa solicitante poderá entender desestimada a súa petición.

Con respecto á resolución por silencio administrativo e ao réxime de recursos estarase ao disposto na normativa vixente en materia de procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público.

Notificación ao solicitante da resolución definitiva.

e) Xustificación das axudas segundo o establecido no capítulo V–artigo 14 desta ordenanza.

f) Serán os servizos sociais municipais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexida polas axudas de emerxencia, así como o destino dado ás mesmas; e poderán solicitarlle aos/as beneficiarios /as a información ou documentación necesaria para poder exercer dita función de forma axeitada.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todo o ano, supeditado a existencia de partida orzamentaria.



*Capítulo IV.—CRITERIOS DE VALORACION**Artigo 11º.—Indicadores**a) Indicador económico*

Considérase que non se dispón de ingresos suficientes con que atender total ou parcialmente os gastos específicos de carácter básico, cando os recursos económicos mensuais, unha vez descontados, de ser o caso, os gastos procedentes da vivenda habitual (préstamo hipotecario ou alugueiro), ata un máximo de 150 €/mes da unidade familiar non sexan superiores ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) incrementándose da seguinte maneira por cada membro da unidade familiar a partir do segundo:

- unidade familiar de 2 membros: 110% do importe do IPREM *
- unidade familiar de 3 membros: 125% do importe do IPREM *
- unidade familiar de 4 membros: 145% do importe do IPREM *
- unidade familiar de 5 membros: 160% do importe do IPREM *

A partir de unidades familiares de 6 membros, incrementarase o límite económico no 10% do IPREM por cada membro .

Para determinar os ingresos a partir dos cales procede o recoñecemento das axudas, terase en conta os ingresos de toda a unidade familiar:

- Computarase como recursos da unidade familiar a totalidade dos ingresos líquidos que se obteñan polos conceptos de rendemento de traballo, retribucións, renda, prestacións ou calquera outro título, nos 6 meses anteriores á data de solicitude; terase en conta a última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, cando esta non proceda ou non sexa obrigatorio realizala, acreditaranse os ingresos por certificación dos organismos correspondentes.
- A existencia de propiedades de natureza rústica ou urbana, excluída a vivenda habitual, que poidan ser obxecto de alleamento ou aluguer.
- No caso de existencia de recursos diñeirais depositados en contas bancarias, teranse en conta os xuros retribuídos e computaranse asemade o 100% da cantidade depositada.
- Para o cómputo final dos ingresos descontaranse os alugueres e hipoteca da vivenda, ata o límite de 150 euros mensuais.



b) Situación de risco e/ou exclusión social:

Para valorar a situación de risco ou exclusión social tomarase como referencia o establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia no Artigo 3.

Artigo 12.—Contía da axuda segundo tipoloxía

As contías máximas da axuda en función das circunstancias apuntadas na cláusula anterior, serán por unidade familiar.

a) Vinculadas o uso e mantemento da vivenda: Débedas adquiridas por pagamentos de alugamento, hipoteca, fianza, cotas comunitarias ordinarias e aquelas que por valoración técnica se estimen necesarias no referente ao mantemento e conservación da vivenda. Débedas adquiridas por pagos de gastos ocasionados por motivo do uso básico da vivenda habitual: auga, luz e gas....Ata un máximo de 900€ o ano

b) Vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual....Ata un máximo de 800€ o ano

c) Falta de cobertura económica para a adquisición de equipamento básico para o fogar: entendéndose como tal, o mobiliario e electrodomésticos básicos e de primeira necesidade..... Ata un máximo de 500€ o ano

d) Necesidades básicas: con carácter xeral aloxamento, alimentos (alimentos perecedoiros como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social así como de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas por un facultativo (celíacos, diabéticos, etc...), vestuario, calzado e demais indispensables para o desenvolvemento da vida diaria (produto de hixiene e limpeza) e débedas ocasionadas por este mesmo concepto.....Ata un máximo de 500€ o ano

e) Axudas facer fronte os gastos sanitarios e sociosanitarios : Destinadas ó pago de pago de produtos farmacéuticos prescritos por un facultativo especialista e/ou polos médicos de atención primaria. A axuda será equivalente á achega do usuario....Ata un máximo de 400€ o ano

f) Falta de cobertura económica para o pago dun aloxamento alternativo (hostal, pensión...) cando sexa imposible a permanencia da persoa no seu domicilio habitual por situación de catástrofe, e/ou situación persoal, familiar, sanitaria ou social.....Ata un máximo de 400€ o ano



g) Outros gastos excepcionais, valorados pola traballadora social do concello, como indispensables para prever a marxinación e favorecer a normalización de individuos e familias non recollidos nos anteriores apartados ou por outro tipo de prestación ou axuda, e logo de valoración técnica, tales como limpeza extraordinaria en domicilio cando exista un risco sanitario, enterramentos, etc... Ata un máximo de 600€

Capítulo V.—XESTION ORZAMENTARIA E XUSTIFICACIÓN

Artigo 13. Forma de pagamento

A forma de pagamento das axudas concedidas será a que se determine na resolución, podendo ser:

- Directo: a favor do/a petionario/a da axuda. O seu abono realizarase en concepto de pago a xustificar, para o cal será habilitado persoal dos servizos sociais do Concello.
- Indirecto: a favor do/a provedor/a, tras comprobar a documentación correspondente; neste caso o/a receptor/a da axuda deberá asinar unha declaración xurada que faga constar a cesión do pagamento a favor do/a provedor/a, segundo o modelo adxunto (ANEXO IV).

Artigo 14.—Xustificación do Gasto

A xustificación do gasto se acreditará mediante as facturas dos pagos e gastos realizados que deberán cumprir os requisitos regulamentarios establecidos, ou mediante outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

En todo caso, deberán quedar de manifesto os seguintes extremos:

- Nome ou razón social e NIF do provedor ou prestador de servizos.
- Nome e NIF do receptor da prestación, que deberá ser obrigatoriamente o receptor da subvención.
- Contía do importe de subministración ou servizo, impostos de ser o caso incluídos.
- Concepto da subministración ou prestación de servizos.
- Data ou período de entrega da subministración ou prestación do servizo.

Considérase que a subvención queda xustificada mediante o pago do Concello o cesionario/a, en base a cesión que dos dereitos de cobro fai o/a beneficiario/a- cedente, pero sen que en ningún caso o cesionario forme parte da relación subvencional.



No suposto do emprego da figura do pago a xustificar, os perceptores destas ordes de pago quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses e en todo caso, antes da finalización da anualidade na cal se conceda. En ningún caso poderán expedirse novas ordes de pago a xustificar, polos mesmos conceptos presupostarios, a perceptores que tivesen aínda no seu poder fondos pendentes de xustificación.

O departamento de servizos sociais, xunto coa documentación que lle acheguen os beneficiarios, unha vez completado o expediente, xustificará ante o departamento de Intervención Municipal a axuda concedida mediante informe no que se faga referencia ó cumprimento da presente ordenanza.

Artigo 15. Inspección e control

O concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa destas, así como a requirirllas aos/ás beneficiarios/as nos termos que precise, todo iso de conformidade co disposto no título III da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16. Obrigas dos/as interesados/as

Os/as solicitantes destas axudas están obrigados/as a:

- Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foi outorgado.
- Permitirlles e facilitarllas o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- Cumprir as condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.
- Non exercer a mendicidade, nin inducir a practicala aos membros da unidade familiar.
- Escolarizar os menores ao seu cargo que se atoparen en idade escolar obrigatoria.
- Incluírse, si o departamento o ve recomendable, no programa de Educación Familiar.
- Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade (sempre e cando o importe recibido supere o gasto para o que se solicita a axuda).
- Comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica, cambio de domicilio, ou circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.



Artigo 17. Causas de denegación e de extinción da axuda concedida

1. Poderá ser denegadas aquelas situacións nas que concorran algunhas das seguintes circunstancias:

- a) Que non cumpran os requisitos esixidos na presente ordenanza.
- b) Que a axuda solicitada non sexa adecuada para a resolución da necesidade presentada.
- c) As axudas que sexan competencia de outros organismos públicos. Poderán contemplarse situacións excepcionais debidamente xustificadas.
- d) Ocultación ou falsidade dos datos subministrados para obter, manter ou aumentar a contía da prestación económica.

e) Non ter xustificado a realización do gasto ao fin que o motivou unha prestación económica no ano anterior o da solicitude.

2. Serán causas de extinción da axuda concedida:

- a) Falseamento ou ocultación de datos para obter ou conservar o dereito á axuda.
- b) Desaparición das circunstancias que deron orixe á súa concesión.
- c) Baixa do Padrón municipal.
- d) Non presentación de facturas ou documentación análoga que deron lugar á axuda concedida, no prazo establecido.
- e) Cumprimento do prazo da duración da prestación económica.
- f) Falecemento do/ beneficiario/a.

Artigo 18. Infraccións e sancións

O Réxime de Infraccións e Sancións será o establecido no título IV da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de axudas para un mesmo contexto, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras administracións públicas, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.



Igualmente, o falseamento ou a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos dará lugar á cancelación da axuda e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades para reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento xeral de recadación.

Artigo 19.— Dispoñibilidade orzamentaria

A concesión das axudas de Emerxencia Social reguladas nas presentes bases, dentro de cada exercicio, quedarán subordinadas a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado.

O prazo de petición manterase permanentemente aberto, suxeito, en todo caso, á existencia de consignación orzamentaria para facer fronte ao custo das axudas en cada un dos exercicios orzamentarios.

Artigo 20.—interpretación

A interpretación do disposto na presente ordenanza, así como para todo aquilo que non se mencione nela, será competencia do órgano concedente.

Artigo 21.—Protección de datos

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Tui, con domicilio en Praza do Concello número 1, 36700 Tui, onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Esta ordenanza entrará en vigor segundo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.



ANEXO I – SOLICITUDE DE EMERXENCIA SOCIAL

A CUBRIR POLA ADMINISTRACION

Nº DE EXPEDIENTE SIUSS : _____

DATOS DO SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO		CP	
TELEFONO		email	

DATOS DO REPRESENTANTE (SE PROCEDE):

NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO		CP	
TELEFONO		PARENTESCO	

DECLARO:

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que xunto son certos, non existindo omisión de datos.

Que son coñecedor/a das posibles responsabilidades administrativas e incluso penais existentes en supostos de ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación fraudulenta para obter as axudas dirixidas a cobertura das mesmas necesidades.

Que achego a documentación preceptiva segundo se recolle na ordenanza municipal e

SOLICITO:

Que, logo de efectuados os trámites oportunos, especialmente a elaboración polos servizos sociais comunitarios do informe de valoración social con proposta de idoneidade da axuda/s que solicito e do resto dos informes e documentos pertinentes para completar o expediente, dite a resolución pola que se acorde a concesión da axuda/s.

Tui a ____ de ____ de 20__

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Sinatura do Solicitante ou Representante Legal

- Ordenanza reguladora da concesión de axudas de emerxencia social do Concello de Tui (BOP nº de de de 2016)

Asdo.:

Sr. Alcalde Concello de Tui

(Persoa con delegación)

Consente o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados ao ficheiro de Servizos Sociais, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicie a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Tui.



ANEXO II - OBRIGAS ADQUIRIDOS POLO/A PERSOA SOLICITANTE

A persoa abaixo asinante reconece estar informada das obrigas das persoas perceptoras das axudas de emerxencia social, segundo o artigo 16 da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social. As obrigas son as seguintes:

- Destinar o importe das prestacións económicas ás finalidades para as que foi outorgado.
- Permitirlles e facilitarlles o labor ás persoas designadas para verificar a situación económica e familiar, sen menoscabo dos dereitos constitucionalmente recoñecidos.
- Cumprir as condicións que poidan establecerse ou acordarse na concesión das prestacións ao titular para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.
- Non exercer a mendicidade, nin inducir a practicala aos membros da unidade familiar.
- Escolarizar os menores ao seu cargo que se atoparen en idade escolar obrigatoria.
- Incluírse, si o departamento o ve recomendable, no programa de Educación Familiar.
- Reintegrar as prestacións indebidamente percibidas ou que coincidan no tempo con outra prestación concedida para a mesma finalidade (sempre e cando o importe recibido supere o gasto para o que se solicita a axuda)
- Comunicar calquera variación da súa situación socioeconómica, cambio de domicilio, ou circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.

Como posible persoa beneficiaria das axudas de emerxencia social, comprométo-me a cumprilas, e asino o presente documento como proba nese sentido.

RECIBIDO E INFORMADO/A

En Tui _____, de _____ de 20 ____

Asdo.

A persoa beneficiaria ou representante legal



ANEXO III - DECLARACIÓN DE AXUDAS E OBRIGAS

D/D^a _____
_____ con DNI _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- Que non recibín axudas polo mesmo concepto por parte doutro organismo, entidade ou Administración de carácter público ou privado, benéfica ou asistencial, que cubran a totalidade da necesidade pola que se solicita a prestación.
- Que si recibín axudas ou as teño solicitadas, polos mesmos conceptos que esta axuda por parte de _____ por un total _____ €, en data _____
- Que non incumpro as obrigas por reintegro de subvencións.

En Tui, a _____ de _____ de 20__.

Asdo:

A persoa beneficiaria ou representante legal



ANEXO IV – MODELO DE CESION DO DEREITO DE COBRO

A) CEDENTE

D/Dª **SIUSS** _____ con **DNI** _____ actuando en nome propio e con poder suficiente ó efecto, transmite os dereitos de cobro correspondentes á **AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL** outorgada mediante Decreto da concellería por importe de _____, con destino a pago de _____.

En Tui de de 20

Asdo.:

B) CESIONARIO

D/Dª _____ con N.I.F.: _____ e con poder suficiente ó efecto, acepta a cesión do dereito de cobro da subvención outorgada a D/ Dª **SIUSS** _____ por importe de _____ €, con destino a pago de _____, e que se abone mediante transferencia á seguinte conta bancaria:

IBAN	Nº CONTA BANCARIA (20 DIXITOS)

En Tui de de 20

Asdo.:

A presente transmisión do dereito de cobro só será válida coa toma de razón do Alcalde (persoa na que el delegue), Interventor/a e Tesoureiro/a municipais

C) TOMA DE RAZÓN

Tomada razón da cesión do dereito de cobro a favor de D/Dª _____ con N.I.F. _____ polo importe líquido da mesma que ascende a _____ €.

En Tui a de de 20

O/A **ALCALDE** O **INTERVENTOR/A** O **TESOUREIRO/A**



ANEXO V - INFORME SOCIAL

Solicitude de axuda de emerxencia social ao abeiro da Ordenanza municipal reguladora do procedemento de concesión de prestacións de carácter económico para situacións de emerxencia social, tendo en conta a documentación aportada e os datos que constan no departamento de Servizos Sociais Comunitarios Municipais en relación ao expediente SIUSS núm. _____, a/o traballador/a social _____ con número de Colexiado/a _____, emite o seguinte informe social:

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS _____
 DNI/NIE/PASAPORTE _____ DATA NACEMENTO _____ ESTADO CIVIL _____
 ENDEREZO _____
 TELÉFONO DE CONTACTO _____ / _____ OCUPACIÓN _____

2. DATOS IDENTIFICATIVOS DA COMPOSICIÓN FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DATA DE	RELACIÓN DE	OCUPACIÓN

3. DATOS ECONÓMICOS DA UNIDADE FAMILIAR

INGRESOS MENSUAIS DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA	GASTOS DE LUGUEIRO OU HIPOTECA	TOTAL DE INGRESOS COMPUTABLES	LIMITE DE INGRESOS ATENDENDO AO NÚMERO DE MEMBROS



4. GASTO PARA O QUE PRECISA A AXUDA

AXUDA SOLICITADA	IMPORTE SOLICITADO
NECESIDADES BÁSICAS	
Cobertura de necesidades básicas de carácter xeral: alimentos, vestido e demais indispensables para a vida diaria ...	
Cobertura de gastos sanitarios e sociosantarios de carácter urxente	
USO DE MANTEMENTO DA VIVENDA	
Fianza e aluguer da vivenda	
Gastos de subministración da vivenda	
Aloxamento urxente derivado dunha causa grave allea á vontade do destinatario	
Equipamento básico da vivenda	
OUTROS GASTOS EXCEPCIONAIS DESTINADOS A PREVIR A MARXINACIÓN E A FAVORECER A NORMALIZACIÓN DOS INDIVIDUOS E FAMILIAS NO SEU CONTORNO DE CONVIVENCIA (artigo 9.2.D)	
Especificar a axuda:	

5. DIAGNÓSTICO PROFESIONAL

6. VALORACIÓN E PROPOSTA PROVISIONAL

Sinatura e data

En Tui, a _____ de _____ de 20__.



ANEXO VI

DATOS SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		D.N.I.	
ENDEREZO		C.P.	
E-mail		Tlf.	

DATOS DO REPRESENTANTE SE PROCEDE

NOME E APELIDOS		D.N.I.	
ENDEREZO		C.P.	
E-mail		Tlf.	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Non atoparse incurso en ningunha das prohibicións que para ser beneficiario se establecen no artigo 13 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións e, en particular:

- a) Non haber sido condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de caudais públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non haber dado, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Acharse ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.



h) Non haber sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións conforme a esta ou outras leis que así o establezan.

Tuí, a _____ de _____ de 20____.-

Sinatura do solicitante ou representante legal,

Asdo.: _____”

O que se fai público para xeral coñecemento, advertíndose que de acordo co disposto no artigo 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas contra a presente disposición de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, podendo interpoñerse recurso Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a publicación do presente acto de acordo co establecido no artigo 46 da Lei reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse, no se caso, calquera outro recurso que se estime pertinente.

Tuí, 16 de xaneiro de 2017.—O Alcalde, Enrique Cabaleiro González.

